



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MESÍA

Aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2025

En data 29 de xaneiro de 2026, o Sr. Alcalde ditou o Decreto núm. 31/2026 que literalmente se transcribe:

“Visto o Padrón fiscal da taxa polo servizo de abastecemento de auga, saneamento e canon de auga correspondente ao cuarto trimestre do 2025, de conformidade co artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 abril.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o Padrón das taxas polo servizo de abastecemento de auga, saneamento e canon da auga correspondente ao cuarto trimestre de 2025.

Segundo.- Expor ó público todos os datos incorporados ó Padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Terceiro.- Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 20 de febreiro de 2025 ao 20 de marzo de 2026. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que legalmente procedan, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei Xeral Tributaria.

Cuarto.- A falta de pagamento en período voluntario do canon da auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía e constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo de 1 mes dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón.

Quinto.- Contra as liquidacións incorporadas ó Padrón todos os interesados poderán interpor recurso de reposición ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.”

Mesía, a 29 de xaneiro de 2026.

D. Mariano Iglesias Castro.

Alcalde do Concello de Mesía.

2026/523